

ROGO SOBRE A PISCINA MUNICIPAL DE REDONDELA

PLENO 31 MAIO 2012. ACTA 9/2012

O mes pasado, AER recibiu varias queixas de particulares con respecto ao que a adxudicataria Servicioc chama Abono Familiar. Para ter unha idea, o abono familiar dunha parella con dous nenos custa 24,18 euros, ao que hai que engadir o IVE. Ata aquí todo ben, pero resulta que nestes duros momentos económicos que nos toca vivir, hai familias de moi diversos tipos.

Sabemos, polo que nos comunicaron, que unha familia monoparental con dúas fillas, maiores de 18 anos, pero economicamente dependentes, xa que unha é estudante e a outra ten unha discapacidade intelectual, non ten dereito á tarifa de Abono Familiar. Paradóxicamente, esta mesma familia é posuidora do carné de familia numerosa que estende, como todos sabemos, un organismo oficial como é a Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

Tamén fomos informados de que outra familia monoparental formada por un pequeno, a súa nai e a irmá desta, con discapacidade e cuns ingresos de 400 euros, tampouco pode, esta última, beneficiarse do Abono familiar.

A nosa pregunta é: que entende Servicioc por unidade familiar?

Creemos, á vista do exposto, que o seu concepto de unidade familiar é un concepto bastante minimalista por non dicir decimonónico ou de tradición católica. Noutros organismos públicos figura a unidade familiar e unidade de convivencia, por exemplo, para a obtención de bolsas ou vivendas de protección oficial.

Pensamos que dita unidade de convivencia podería concederse con requisitos coma:

- Copias dos DNI, no caso de nenos, certificado de empadramento.
- Renda do beneficiario inferior ao salario mínimo interprofesional. Requiriríase certificado da oficina do Servizo Público de Emprego de Galiza, onde quede reflectida a cantidade que percibe por prestacións, ou certificado de empresa para quen traballe (pode estar contratado a media xornada cun salario proporcional ao salario mínimo).
- Para os que padecen algún tipo de discapacidade adoptaríaase o mesmo criterio de convivencia e renda, xa que a persoa por cuestións como por exemplo de herdanza, podería ter ingresos superiores ao salario mínimo.

Por todo iso, e considerando que o deporte é un dereito para o benestar físico e psíquico do cidadán, AER roga ao goberno local que inste á empresa Servicioc a crear un Abono de Convivencia.